



Ámbito social

Educación a distancia semipresencial

Módulo 2

Unidade didáctica 7

Un mundo global

Índice

1.	Secuencia de actividades e contidos	3
1.1	Un mundo global.....	3
1.1.1	Globalización das actividades humanas	3
1.1.2	Funcionamento do mercado.....	4
1.1.3	Intercambios comerciais.....	5
1.1.4	Un progreso económico espectacular.....	5
1.1.5	As multinacionais	5
1.1.6	División da Terra segundo criterios económicos.....	9
1.2	Mundialización e subdesenvolvemento.....	12
1.2.1	Indicadores do desenvolvemento.....	13
1.2.2	A pegada ecolóxica	15
1.2.3	Organismos internacionais.....	17
1.3	Posibles solucións aos problemas económicos mundiais	19
1.3.1	O <i>Foro Económico Mundial</i> e os movementos antiglobalización	19
1.3.2	Iniciativas e posibles solucións	20
1.4	Os medios de comunicación: o cuarto poder	24
1.4.1	Comunicacións, información e mobilidade.....	27
1.5	Investimento I+D+i.....	28
2.	Resumo de contidos	32
3.	Test de autoavaliación	38
4.	Solucionarios.....	40
4.1	Solucións ás actividades propostas	40
4.2	Solucións ao test de autoavaliación	47
5.	Bibliografía e outros recursos	49

1. Secuencia de actividades e contidos

1.1 Un mundo global

O mundo está constituído por países con distintas relixións, culturas, organizacións políticas, empresas... Estes elementos interactúan nunha complexa rede de relacións económicas, políticas, tecnolóxicas e culturais e forman o *sistema mundo* ou *aldea global*.

1.1.1 Globalización das actividades humanas

O proceso de achegamento e relación das áreas xeográficas da Terra, das actividades económicas, dos recursos, da poboación e das culturas coñécese como *globalización* ou *mundialización*. Malia existir gran diversidade cultural no mundo, as novas tecnoloxías tenden a homoxeneizar cada día máis os gustos e os costumes.

A globalización divide a sociedade. Uns pensan que este novo concepto de sociedade fai desaparecer os elementos distintivos. Outros sosteñen que a diversidade e a globalización non son incompatibles e defenden un mundo globalizado multicultural.

O fenómeno da globalización pódese considerar desde varias perspectivas:

- **Globalización económica:** baséase no desenvolvemento dos procesos económicos no ámbito mundial, con fortes lazos de interdependencia comercial entre os países. O sistema económico globalizado caracterízase por:
 - Desenvolvemento do comercio internacional.
 - Mundialización da produción.
 - Internacionalización dos intercambios financeiros: pagamentos por servizos e mercadorías; tamén movementos especulativos para obter beneficios.
 - Grande avance dos transportes e das telecomunicacións que facilitan as conexións rápidas entre calquera lugar da Terra.
- **Globalización tecnolóxica.** As tecnoloxías da información e da comunicación son importantes pola difusión da información instantánea e inmediata a todo o planeta:
 - Microelectrónica, informática e telecomunicacións: xeran cambios tan fondos na sociedade que xa se fala da terceira ou cuarta revolución industrial.
 - A prensa escrita diaria compite coa dixital, que se actualiza ao minuto e inclúe imaxes. A televisión transmite a información en tempo real e os usuarios poderán escooller pronto programación á carta.
 - Internet ofrece textos íntegros, enciclopedias en liña, blogs... un universo onde o individuo é consumidor e tamén pode ser creador de contidos.
- **Globalización sociocultural:** as ideas e os costumes móvense a gran velocidade no mundo. A cultura occidental imponse sobre outras, e provoca a perda de formas de vida propias, identificadoras de certos grupos ou rexións do mundo.
- **Globalización política:** o mundo xa non se organiza só en estados, continentes, civilizacións... O criterio dominante é o das rexións económicas e as respectivas áreas de influencia: Unión Europea, Estados Unidos, Xapón...

1.1.2 Funcionamento do mercado

Os produtos xerados polas actividades económicas pónense á venda nos mercados para obter beneficios. A abundancia dalgún artigo no mercado pode obrigar a reducir o prezo, mesmo por debaixo dos custos de produción, para así garantir uns ingresos mínimos. Pola contra, a escaseza dun produto, que non cobre a demanda do mercado, permite a especulación do seu prezo á alza.

O mercado funciona como unha poxa entre quen vende e quen compra, rexida pola lei da oferta e da demanda, influenciada pola relación prezo-calidade.

Chámase *capitalismo* ou *economía de mercado* o sistema de produción caracterizado pola propiedade privada dos medios de produción, a procura do beneficio máximo e o mercado libre, suxeito ao equilibrio entre a oferta e a demanda.

Con todo, o libre mercado non asegura a liberdade comercial. Así, en moitos países subdesenvolvidos e nos estados non democráticos o control do mercado interior dun produto, un ben ou un servizo é exercido polo aparato estatal, por unha empresa, por unha familia ou por unha sociedade, en réxime de *monopolio*; se a competencia se limita a varias entidades, o control do mercado execútase en réxime de *oligopolio*.

Dous modelos clásicos de pensamento económico

- **Proteccionismo mercantilista.** A riqueza dunha nación baséase na cantidade de ouro e prata que atesoura. As sociedades mercantís acaparan sectores da economía.
O ideal mercantilista é a *autarquía* (o país debe producir todo o que necesita e non comprar nada ao exterior).
Estado debe intervir directamente na economía: *proteccionismo*. Debe favorecer as exportacións e dificultar as importacións.
- **Liberalismo económico** (Adam Smith). A produción: papel principal na creación de riqueza.
 - *Libre cambio*: reducir ao mínimo a intervención do Estado na economía.
 - *Capitalismo*: concédelle prioridade no proceso produtivo ao capital sobre o traballo e a técnica.

1.1.3 Intercambios comerciais

Para que o mercado funcione son necesarios intercambios comerciais ou *fluxos de materias primas, bens de consumo* e de *servizos* entre quen os produce e ofrece, e quen os necesita e demanda.

O intercambio comercial require tamén *fluxos de capitais*, que na maior parte se efectúan entre os países desenvolvidos. Nunha proporción menor, rexístranse fluxos de capitais entre os países do norte e os do sur.

Así mesmo, a imposición progresiva e universal da informática, para realizar as operacións financeiras mundiais, determina a importancia actual dos *fluxos de información* no comercio internacional.

Hoxe, as redes de información telemáticas son imprescindibles para ordenar investimentos, consultar o estado dunha empresa ou sector económico, controlar a circulación ou o stock dun produto nos mercados e converter unha moeda noutra.

O maior prezo dos produtos elaborados fronte ás materias primas xogan, nos intercambios comerciais, a favor dos países desenvolvidos.

1.1.4 Un progreso económico espectacular

- O progreso espectacular da produción industrial desde hai setenta anos permitiu mellorar as condicións de vida da humanidade e dispor de numerosos artigos manufacturados a prezos accesibles. Produciuse cada vez máis e a menor custo e a xente adquiriu máis bens.
- A oferta provocaba a demanda. Empezaron a producirse bens efémeros. Os anuncios publicitarios e as técnicas de comercialización, asociadas ás ideas de felicidade e consumo, obtiveron un éxito extraordinario.
- A produción de bens efémeros ocasiona unha dilapidación de enerxía e de recursos naturais e xera un volume considerable de refugallos prexudiciais para o ambiente.
- Os países ricos producen gran cantidade e variedade de produtos manufacturados que necesitan vender. O comercio internacional permite a saída de excedentes: vender ao estranxeiro aquela produción que non se puido colocar no propio país, porque a demanda interna non absorbeu a produción das empresas.
- A existencia de materias primas nunha rexión xeográfica debería favorecer o nacemento de industrias derivadas nesa mesma rexión. Non obstante, con moita frecuencia as materias primas son transformadas noutros lugares.


1.1.5 As multinacionais

As empresas *multinacionais* ou *transnacionais* son grandes empresas que non só se establecen no seu país de orixe senón que tamén realizan as súas actividades noutros estados. Trátase de grupos industriais, comerciais ou financeiros con actividades diversificadas. Operan en distintos países mediante *filiais propias* ou controlando empresas deses países.

As multinacionais nacen en países desenvolvidos, pero adoitan instalarse en países de man de obra barata. En consecuencia, as empresas poden aforrar salarios, abastecerse de materias primas, reducir custos, mellorar o produto e facelo máis competitivo, e dominar mercados afastados.

Estratexia e fins das empresas multinacionais

- Despréganse no estranxeiro para acceder aos grandes mercados e controlar as reservas de materias primas (por exemplo, de recursos enerxéticos como o petróleo).
- Os investimentos directos no estranxeiro facilitan a proximidade aos clientes e, de paso, evitan as barreiras proteccionistas.
- A súa expansión transnacional reduce os custos, instalándose en países de salarios baixos, de terreos industriais baratos e de impostos menores.
- As empresas matrices subcontratan empresas doutros países para fabricar determinados compoñentes da súa produción. Así, pequenas empresas especializadas entran na rede transnacional das grandes empresas.
- Tamén se descentralizan certas tarefas, como as propias dos departamentos de alta tecnoloxía de grandes corporacións: centros de I+D, software..., contas bancarias...
- Prodúcese progresivamente a concentración de empresas a escala mundial; cada vez hai máis transnacionais e menos empresas nacionais. Mediante ofertas públicas de adquisición de accións (OPA) grandes compañías fanse con empresas máis pequenas mediante fusións ou adquisicións.
- Os intercambios económicos internacionais son cada vez máis intercambios entre apartados dunha mesma empresa (intraempresariais). A circulación de compoñentes industriais, de tecnoloxía e de capitais, realízase cada vez máis entre unidades especializadas dun mesmo grupo empresarial.
- Neses intercambios intraempresariais os prezos dos produtos teñen unhas tarifas fóra de mercado fixadas polas propias empresas. Así, escapan do control das autoridades económicas dos países onde operan.



Clasificación das multinacionais

De acordo coa súa estrutura, as empresas multinacionais pódense clasificar en:

- **Corporacións integradas horizontalmente:** producen o mesmo produto ou similar, pero en diferentes países. Exemplo: *McDonald's*.

- **Corporacións integradas verticalmente:** producen bens intermedios, nalgúns países, para a produción final noutros. Exemplo: *Adidas*.
- **Corporacións diversificadas:** producen diferentes bens ou servizos en diferentes centros internacionais de produción. Exemplo: *Sony*.
- **Cartel:** acordo formal entre empresas do mesmo sector industrial co fin de eliminar a competencia, controlando a produción, a distribución e os prezos dun produto. Exemplo: *OPEP (Organización de Países Exportadores de Petróleo)*.
- **Trust:** anglicismo que significa *confianza*. Refírese a un conxunto de empresas, baixo unha única dirección, que tenden a controlar as vendas e a comercialización dun produto. Isto pode xerar un monopolio.
- **Hólding (control):** compañía ou sociedade financeira co control total ou parcial de varias empresas, participando no capital e controlando parte ou o total das súas accións.

As industrias do automóbil son un exemplo claro de multinacionais



Actividades propostas

S1. Globalización:

- Que entende por globalización?
- Desde que perspectivas se pode considerar a globalización?

S2. Lea estes textos sobre a globalización e responda.

Contra o que puidese suporse, a globalización cultural non consiste en promover o acceso de toda a poboación do planeta á cultura co obxecto de permitir a súa libre expresión e evolución, a globalización cultural é americanización, venda do *american-way-of-life* que se estende a golpe de publicidade e consumo.

María Ester Vela

No lugar das antigas necesidades, satisfeitas con produtos nacionais, xorden novas, que reclaman para a súa satisfacción produtos das terras máis remotas e dos climas máis diversos. No lugar do antigo illamento de rexións e nacións que se bastaban a si mesmas, establécese un intercambio universal, unha interdependencia universal das nacións. E isto refírese tanto á produción material como á intelectual. A produción intelectual dunha nación convértese en patrimonio común de todas. A estreiteza e o exclusivismo nacionais resultan de día en día máis imposibles; das numerosas literaturas nacionais e locais fórmase unha literatura universal.

Marx e Engels. *Manifesto do Partido Comunista*. 1848

- Traduza a expresión: *american-way-of-life*.
 - Que é a americanización?
- S3.** Cales son as características da globalización económica? Que efectos produce a lei da oferta e da demanda?
- S4.** Cales son as características principais do capitalismo?
- S5.** Produción industrial:
- Describa a situación actual, consecuencia da espectacular produción industrial, desde hai máis de 70 anos.
 - Que consecuencias seguiron á produción de bens efémeros?
- S6.** Intercambios comerciais:
- Que intercambios son necesarios para que o comercio funcione?
 - Entre que países se producen os fluxos de materias primas, de bens de consumo e de servizos?
 - Entre que países se producen os fluxos de capitais?
- S7.** Cite as características fundamentais das multinacionais.
- S8.** Clasifique as empresas multinacionais.
- S9.** Analice este texto e responda.

Unha investigación rigorosa sobre a falta de ética nas multinacionais

Empresas tecnolóxicas da industria electrónica están implicadas na compra de coltán manchado de sangue. Sangue que só no Congo cobrouse máis de 3,3 millóns de vítimas desde o inicio do conflito.(...)

O libro negro das marcas. O lado escuro das empresas globais, de Klaus Werner e Hans Weiss é unha investigación rigorosa sobre as empresas transnacionais. Nel cóntase que en menos de catro anos o número de teléfonos móbiles no mundo pasou dos 400 millóns aos 1.000 millóns. (...)

Esta pequena máquina, primeiro para falar e agora para falar e verse, precisa para o seu funcionamento un elemento crucial: o tántalo. É un elemento metálico raro que na natureza aparece como mineral de tantalita ou xunto co niobio na chamada columbita. Este matrimonio mineral tamén se lle coñece por coltán.

O coltán, básico para fabricar condensadores electrónicos que almacenen a carga eléctrica, converteuse nun elemento estratéxico que quintuplicou o seu prezo entre febreiro do ano 2000 e xaneiro do 2001, ata alcanzar os 950 euros/quilo. Un dos puntos claves da minaría do coltán sitúase entre o Congo e Ruanda. Ambos os países devastados pola violencia de guerras civís sangrentas. O comercio do coltán está nas mans de líderes rebeldes que converteron a guerra e este mineral no seu principal negocio, que non para de mancharse de sangue. Empresas tecnolóxicas da industria electrónica están implicadas na compra de coltán manchado de sangue. Sangue que só no Congo cobrou máis de 3,3 millóns de vítimas desde o inicio do conflito.

- Cantas vítimas de sangue cobrou o conflito armado do Congo?
- Cantos millóns de números de teléfono apareceron en catro anos?
- Que material básico precisan os móbiles para o seu funcionamento?
- Que son o coltán e o tantalio? Que relación hai entre eles?
- En canto tempo se quintuplicou o prezo do coltán?
- Onde situaría o punto neurálxico da produción de coltán?
- Quen controla as minas de coltán?
- Cal será o destino dos beneficios obtidos pola venda do coltán?

1.1.6 División da Terra segundo criterios económicos

A Terra divídese en dous mundos, separados por unha liña imaxinaria:

- **O Norte:** tamén coñecido como Primeiro Mundo, onde vive o 20% da poboación, que acumula o 80% da riqueza.
- **O Sur:** coñecido como Terceiro Mundo, onde vive o 80 % da poboación, que só dispón do 20% da riqueza.

É un reparto inxusto: para que o Primeiro Mundo viva nun estado de benestar, é necesario que millóns de persoas do Terceiro Mundo vivan na miseria.

Algunhas causas do desigual acceso ao desenvolvemento

- **Desigual crecemento da poboación.** Nas últimas décadas produciuse a desaceleración do crecemento da poboación mundial.
 - *Alta natalidade* dos países de renda baixa, e aumento da poboación, que non pode ser mantida cos recursos económicos existentes na rexión.
 - *Desequilibrios* entre mundo urbano e rural, as cidades atraen o mundo rural.
 - *Desigualdades* entre home e muller.
 - *Escravidade e emigración:* homes e mulleres que foxen da miseria.
- **Desequilibrio económico:**
 - *Inxusta distribución da riqueza* (proteccionismo dos países ricos). O aumento progresivo da poboación orixina maior presión sobre os recursos naturais.
 - *Fame e alimentación* (malnutrición). A FAO considera que no mundo hai 800 millóns de persoas que sofren graves carencias de alimentación. Fronte a esta lacra mundial, a sobrealimentación no primeiro mundo causa numerosas doenzas.
 - *Os recursos enerxéticos e minerais.* As enerxías fósiles, a enerxía nuclear ou hidroeléctrica son empregadas case en exclusividade por países desenvolvidos; os países subdesenvolvidos deben seguir utilizando combustibles tradicionais.
 - *A débeda externa e a axuda ao desenvolvemento.* Os países pobres están endebedados cos países ricos ou con institucións financeiras internacionais.

- *Desiguais intercambios comerciais.* Os países ricos bloquean as exportacións agrícolas dos países pobres, protexendo as propias e abaratando os prezos.
- **Conflitos xeopolíticos:** boa parte dos países pobres sofren a violencia provocada por enfrontamentos étnicos, relixiosos ou sociais. En realidade, estas loitas amosan a debilidade dos seus gobernos, moitos ditatoriais.
- **Dependencia tecnolóxica:** os países pobres carecen de tecnoloxía propia ou de capacidade para asimilar a dos países ricos, o que xera grandes desequilibrios.
- **Problemas ambientais:** o acceso á auga potable, ben moi escaso, e o cambio climático (desertización, perda de biodiversidade e contaminación atmosférica).
- **Difícil acceso á sanidade e á educación.**
 - Doenzas (malaria, SIDA) e fames castigan a poboación, que non ten acceso a medicamentos nin a médicos. A poboación emprega a súa vida e o seu tempo en sobrevivir, na procura de alimentos e auga. Isto limita o acceso á educación.
 - O 25% da poboación adulta mundial é analfabeta, non sabe ler nin escribir. O 98% do analfabetismo mundial concéntrase nos países subdesenvolvidos.

	Razón do estancamento	Solución e comentarios
Causas extraeconómicas do subdesenvolvemento	Determinismos: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Demográfico: superpoboación. ▪ Racial e relixioso. ▪ Medio físico: clima, vexetación... ▪ Recursos naturais escasos. ▪ Falta de clase empresarial. 	<ul style="list-style-type: none"> – Ningunha. – Hai países con grandes recursos naturais, pero non desenvolvidos. – Hai países superpoboados e moi desenvolvidos.

Poboación mundial (producción mundial que consome)		
	Norte	Sur
▪ Enerxía.	70 %	30 %
▪ Metais.	75 %	25 %
▪ Madeira.	85 %	15 %
▪ Combustibles fósiles.	79 %	21 %
▪ Aceite.	75 %	25 %

O desenvolvemento económico debe centrarse nos seres humanos máis que nas nacións e promover os dereitos e as oportunidades das persoas como fin último



Actividades

S10. Relacione os termos de cada columna e fila.

Primeiro Mundo	Sur	20 % da poboación 80 % da riqueza
Terceiro Mundo	Norte	20 % da riqueza 80 % da poboación

- Escriba as causas do desigual acceso ao desenvolvemento.

1.2 Mundialización e subdesenvolvemento

A mundialización reforza o desequilibrio entre as sociedades dos países desenvolvidos, constituídos en centros da economía mundial, e a periferia, afastada dos focos de poder.

- **Os países subdesenvolvidos**, periféricos, sofren atraso económico e baixo nivel de vida, que favorece a explotación dos seus propios recursos por parte dos países ricos.
- **Os países subdesenvolvidos** manteñen economías precarias asentadas no sector primario, especializadas en subsectores agrícolas (café, cacao, cana de azucre ou froitas), na explotación forestal ou na extracción mineira. Pero os seus recursos transfórmanse no estranxeiro e os países industrializados fixan os prezos desas materias primas.
- **Os países pouco desenvolvidos** mercan despois os produtos elaborados aos países desenvolvidos, onde as empresas transformadoras procuran o maior beneficio. Deste xeito, os ingresos que lles reporta a explotación de materias primas non chegan para pagar as importacións de produtos elaborados, equipamento e servizos comprados aos países industrializados. Incluso deben mercar materias primas básicas, como alimentos e enerxía.


A dependencia industrial e tecnolóxica destes países é total e han recorrer irremisiblemente tamén á dependencia financeira, solicitando préstamos aos países ricos. Con estes créditos, os países subdesenvolvidos deben pagar as importacións e os intereses reportados polos financiamentos externos.

Estas prácticas económicas desenvólvense nun círculo vicioso que xera un *endebedamento progresivo*, moitas veces agravado con conflitos armados e Gobernos corruptos. Nestes casos, os países desenvolvidos incrementan as ganancias porque toleran ou negocian cos réximes imperantes, vendéndolles armas.

Na estrutura das relacións internacionais, os intercambios Norte-Sur son moi importantes, pero economicamente funcionan como países dominantes e países dominados.

Hai gobernantes nos países desfavorecidos polo sistema económico internacional que pretenden diversificar as súas producións, para librarse do lastre colonial; para iso, teñen que mercar as infraestruturas precisas, que só venden as potencias do Norte.

Deste xeito, consúmase unha inevitable dependencia económica e financeira: a *débeda externa*, que en maior ou menor grao padece o Terceiro Mundo.



1.2.1 Indicadores do desenvolvemento

Produto interior bruto (PIB)

Indicador económico que resulta de calcular todas as actividades económicas realizadas nun país durante un período de tempo: trimestre ou ano. O cálculo do PIB obtense da seguinte suma:

$$\text{Consumo} + \text{investimentos} + \text{gasto público} + \text{exportacións} + \text{importacións}$$

Renda per cápita

Resulta de dividir o PIB entre o número de habitantes dun país. Xa que logo, o crecemento dun país mídese polo aumento do PIB. Este indicador permite clasificar os países en:

- **Desenvolvidos economicamente:** cando a renda *per cápita* supera os 6.000 dólares.
- **En vías de desenvolvemento:** cando a renda *per cápita* non supera os 6.000 dólares.
- **Subdesenvolvidos:** cando a renda *per cápita* non acada os 600 dólares.

O indicador da renda *per cápita* pode ser enganoso, xa que non recolle variables que se consideran imprescindibles para avaliar o benestar dun país, como a taxa de paro ou a contaminación. En efecto, un país pode duplicar en pouco tempo a súa renda *per cápita* e, ao tempo, ter aumentado o paro, a pobreza e as desigualdades sociais.

Índice de desenvolvemento humano (IDH)


Indicador socioeconómico elaborado polo *Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento* (PNUD). Ten en conta os seguintes factores:

- **Vida longa e saudable:** esperanza de vida ao nacer.
- **Educación:** taxa de alfabetización de adultos + taxa bruta (matriculación) na educación primaria, secundaria e superior + anos de educación obrigatoria.
- **Nivel de vida digno:** Produto interior bruto *per cápita* en dólares.

O índice de desenvolvemento humano exprésase en valores situados entre 0 e 1:

- Países con desenvolvemento humano alto: $\text{IDH} \geq 0,8$.
- Países con desenvolvemento humano medio: $0,5 \leq \text{IDH} < 0,8$.
- Países con desenvolvemento humano baixo: $\text{IDH} < 0,5$.

O desenvolvemento humano é tal cando logra para as persoas unha vida prolongada e saudable, educación, recursos para un nivel de vida decente, liberdade política, garantía dos dereitos humanos e respecto a si mesmo.



Algúns países co seu índice de desenvolvemento humano (2010)			
País Primeiro Mundo	IDH	País Terceiro Mundo	IDH
■ Noruega	0,938	■ Malí	0,309
■ Australia	0,937	■ Liberia	0,300
■ Estados Unidos	0,902	■ Chad	0,295
■ Irlanda	0,895	■ Mozambique	0,284
■ Países Baixos	0,890	■ Burundi	0,282
■ Canadá	0,888	■ Nixeria	0,261
■ Suecia	0,885	■ Rep. Dem. Do Congo	0,239
■ Alemaña	0,885		
■ España	0,861	■ Cimbabue	0,140

1.2.2 A pegada ecolóxica

É un indicador que determina a área bioloxicamente produtiva necesaria para xerar os recursos que consome unha persoa e absorber os refugallos que xera, sen ter en conta o lugar en que se atopan as áreas estudadas.

Se o reparto fose equitativo, corresponderíanos a cada persoa 1,8 hectáreas, mais a media mundial está en 2,23 hectáreas. Os resultados están baseados na observación dos seguintes aspectos:

- Hectáreas utilizadas para urbanizar, xerar infraestruturas e centros de traballo.
- Hectáreas necesarias para proporcionar o alimento vexetal preciso.
- Superficie necesaria para pastos que alimenten o gando.
- Superficie mariña necesaria para producir o peixe.
- Hectáreas de bosque necesarias para asumir o CO₂ froito do noso consumo enerxético.

Desvío dalgúns países con respecto á media equitativa de pegada ecolóxica (1,8 hectáreas)				
Clasificación 2003	País	Poboación (millóns)	Pegada ecolóxica	Desvío do axeitado
1	Emiratos Árabes	3	11'9	10,1
2	Estados Unidos	294	9'6	7,8
3	Finlandia	5'2	7'6	5,8
4	Canadá	31'5	7'6	5,8
5	Kuwait	2'5	7'3	5,5
6	Australia	19'7	6'6	4,8
7	Estonia	1'3	6'5	4,7
8	Suecia	8'9	6'1	4,3
15	España	41'1	5'4	3,6
46	México	103'5	2'6	0,8
50	Chile	15'8	2'3	0,5
55	Arxentina	38'4	2'3	0,5
57	Venezuela	25'7	2'2	0,4

A estratexia dos tres erres

Cada vez é maior a cantidade de residuos sólidos urbanos (RSU) que xeramos diariamente. O exceso de envases e embalaxes, asociado ás condutas cada vez máis consumistas, fainos producir case 1 kg de desperdicios sólidos por habitante e día.

Cada vez é maior a cantidade de residuos sólidos urbanos (RSU) que xeramos diariamente. O exceso de envases e embalaxes, asociado ás condutas cada vez máis consumistas, fainos producir case 1 kg de desperdicios sólidos por habitante e día.

Esta conduta pouco coidadosa coa conservación do medio colapsa os vertedoiros de residuos xa construídos e obriga a construír máis incineradoras de RSU, cos problemas de contaminación que isto produce.

Fronte a esta dinámica de dispendio, de usar e tirar, outras posturas defenden a chamada estratexia dos tres erres: readaptar, reutilizar, reciclar:

- Readaptar: darlle a un obxecto que xa non teña utilidade un uso diferente do orixinal.
- Reutilizar: volver a utilizar un obxecto co uso para o que foi concibido
- Reciclar: aproveitar a materia prima dun obxecto para fabricar outro de igual ou distintas características

Estas estratexias pretenden, en definitiva:

- Reducir: producir menos lixo. Aforrar e aproveitar máis eficazmente os recursos. Potenciar as *industrias limpas*.

O desastre dos tres C

- Consumismo.
- Contaminación.
- Corrupción.

Cuestionario para reflexionar sobre o comportamento propio

- Intenta reutilizar cousas que teña en vez de tiralas ou mercar outras?
- Usa ao máximo as posibilidades de reciclaxe da súa parroquia, vila ou cidade?
- Usa panos e trapos de tecido?
- Fai compostaxe cos desperdicios orgánicos?
- Prefire arranxar un obxecto antes de mercar outro?
- Fai compras coas bolsas reutilizables?
- Pecha a billa cando lava os dentes?
- Apaga a luz cando sae dunha habitación que queda baleira?
- Usa papel reciclado?
- Utiliza o transporte colectivo, ou bicicleta para ir á clase, ao traballo?
- Deposita o vidro nos iglús de recollida?
- Elixe produtos verdes no supermercado?

1.2.3 Organismos internacionais

A globalización económica está alentada por gobernos e institucións supranacionais que serven de foros para discutir ou acordar medidas:

- **Banco Mundial (BM)**. Organismo das Nacións Unidas, creado no 1944. Obxectivo: reducir a pobreza do mundo grazas a préstamos de baixo xuro, créditos sen xuro bancario e apoios económicos ás nacións en desenvolvemento.
- **Fondo Monetario Internacional (FMI)**, 1944. Obxectivos:
 - Promover políticas económicas sustentables internacionalmente.
 - Facilitar o comercio internacional.
 - Reducir a pobreza.
- **G7 e G8**. Grupo de países industrializados, con peso económico, político e militar, relevantes no mundo. Xorde en 1973 coa unión de Alemaña, Canadá, os Estados Unidos, Francia, Italia, Xapón e Reino Unido, aos que se lles engadiu Rusia en 1998. Finalidade: analizar o estado da política e das economías internacionais, nun intento de tomar decisións mediante acordos.
- **Organización Mundial do Comercio (OMC)**, fundada en 1995 para promover acordos para favorecer o comercio.
- **Organización de Cooperación e Desenvolvemento Económico (OCDE)**. Promove a expansión económica dos países integrantes e tamén a dos países en vías de desenvolvemento.

Algunhas crises económicas con repercusión mundial revelaron que os Gobernos e os organismos internacionais xeran situacións de descontrol na economía mundial cando permiten a liberdade total e incontrolada dos movementos de capitais.

Nas últimas décadas xurdiron asociacións cidadás, cooperativas, ONG, preocupadas polos problemas nacionais e mundiais. É extraordinaria a resposta de organismos privados e de asociacións de voluntarios que axudan a paliar desastres acaecidos nalgures.


Con todo, os países subdesenvolvidos camiñan cara un progresivo empobrecemento debido, entre outras cousas, aos cartos que continuamente teñen que pagar por tecnoloxía aos países ricos.

Actividades propostas

S11. Mundialización e pobreza:

- Que consecuencias derivan para os países ricos e os países pobres da mundialización da economía?
- Como é a economía dos países subdesenvolvidos?
- Que outras dependencias sofren os países pobres?
- En que consiste o endebedamento progresivo?
- Emparelle conceptos: Sur. Países dominantes. Países dominados. Norte.

S12. Explique esta árbore de factores de desenvolvemento humano:



- Que conceptos hai que sumar para obter o PIB?
- Como se clasifican os países atendendo á renda *per cápita*?
- Que compoñentes básicos do benestar se consideran no IDH?

S13. Ecoloxía:

- Defina pegada ecolóxica.
- Que superficie correspondería a cada persoa nun reparto equitativo?
- En que consiste a estratexia dos tres erres?
- Que finalidade persegue a estratexia ecolóxica?

S14. Organización da economía mundial:

- Que organismos toman acordos sobre a economía mundial?
- Que obxectivos teñen o BM e o FMI?
- Conseguen eses obxectivos?

1.3 Posibles solucións aos problemas económicos mundiais

1.3.1 O Foro Económico Mundial e os movementos antiglobalización

Foro Económico Mundial

Foro reunido en 1971, en Davos (Suíza) para contribuír a resolver os problemas do noso tempo no económico e no social. Na primeira reunión os temas centráronse nas estratexias comerciais; nos anos seguintes dedicáronse ao cambio climático, turismo, plans de saúde, terrorismo...

Esta organización entende que o capitalismo non é o problema, senón parte da solución; por iso é habitual que estean enfrontados con outras organizacións, que culpan o capitalismo da pobreza no mundo.



Os movementos antiglobalización

Son movementos sociais internacionais xurdidos a finais do século XX. Critican a globalización e o pensamento único, que favorecen:

- Unha repartición inxusta da riqueza e dos recursos
- Unha riqueza non sustentable.

De acordo con estes movementos, a globalización pon en perigo a estabilidade do traballo e socava a democracia.

- **Foro Social Mundial.** No ano 2001 celebrouse en Porto Alegre (Brasil) un encontro dos movementos por unha globalización diferente. Este encontro celébrase anualmente desde entón. Os partidarios deste movemento prefíren chamalo *altermundismo* ou *alterglobalización*, por consideraren que antiglobalización implica confrontación e negatividade.

Os altermundistas critican:

- O libre comercio: os *lobbies*, os monopolios e oligopolios...
 - A mercantilización da sociedade: critican a redución do sector público e defenden a redistribución da riqueza mundial.
 - As grandes institucións financeiras: FMI, Banco Mundial, OMC...
 - As multinacionais e a banca, que se aproveitan da globalización para beneficio propio.
- **Algunhas correntes dos movementos antiglobalización:** anticapitalismo, ecoloxismo, pacifismo, antimilitarismo, movementos indixenistas, movementos obreiros, sindicatos, organizacións estudiantís, feminismo, indignados do 15 de maio, ONG que loitan contra a pobreza e a prol da xustiza.

GALICIA HOXE
DOMINGO, 27-02 2011
2

SUPLEMENTO HORIZONTAL
Altermundo PENSAMENTOS

A EUROPA-FORTALEZA SOTERRA OS PRINCIPIOS DA SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL



XABIER RON
Responsábel de movementos sociais de EU

As fronteiras non son, de forma imperativa, barreiras infranqueables. As naturais, as que establecen os marcos xeográficos, son máis ben lugares para o paso, para o encontro comercial, para a aprendizaxe relacional.

A historia amosa moi ben como os límites administrativos non son quen de frear o espazo do encontro: así foi entre Galicia e Portugal durante toda a Idade Media, desde que se consolidou o desmembramento do que podería ter sido, quizais, un único país. Outra boa proba é dada pola presenza lingüística: os trazos expándense e así, por poñer un exemplo que coñezo dabondo, en Taramundi (Asturias) a lingua galega é ben empregada e recoñecida.

As persoas non cren nesas fronteiras administrativas. Pero, desde que nos lanzamos á voráxine neoliberal, esas fronteiras multiplicaron a súa forza de rexeitamento e dotáronse de medios físicos dignos de pasados de terror coma os da Inquisición. Así foi como na primeira década deste século XXI nos tiñamos que manifestar e nos víamos na obriga de loitar contra os valos de pías de Ceuta e Melilla, que tinguían de sangue o espazo de encontro entre Europa e África.

Ou podíamos comprobar como a administración e o concepto securitario-policial de fronteira converteron o Mar Mediterráneo nun inferno na terra, nun monstro que abre a boca para tragar milleiros de vidas e proxectos en vez de ser un mar para o encontro cultural e comercial.

Non contentos con elaborar unha Directiva de Retorno, bautizada polas persoas non alienadas como Directiva da Vergoña, non contentos con desenvolver unha policía de fronteiras -FRONTEX-, non contentos con menosprezar os Dereitos Humanos, non contentos con establecer leis que son puro racismo institucional, Europa mercadea con diñeiro vidas humanas.



Así enténdense os Centros de Internamento para Estranxeiros espallados no Norte de África pagados con diñeiro Europeo; así entendemos a anunciada creación dun muro de 12,5 quilómetros en Grecia; non abraia daquela a permisividade para coa ignominia da muralla que destrúe a dignidade da poboación palestina.

O Tribunal Europeo de Dereitos Humanos de Estrasburgo ten por diante a inxente tarefa de defender o que ninguén quere defender. E os pobos de Europa temos a obriga de volver ás fronteiras relacionais. Non existen persoas ilegais. E se hai que falar de ilegalidade, non hai maior ilegalidade que utilizar África como vertedoiro de Europa, seguir cos procesos de colonización encoberta e desbaldir o continente dos seus recursos primarios.

O TRIBUNAL EUROPEO DE DEREITOS HUMANOS DE ESTRASBURGO TEN POR DIANTE A TAREFA DE DEFENDER O QUE NINGUÉN QUERE DEFENDER

1.3.2 Iniciativas e posibles solucións

Desenvolvemento global

Para resolver os graves problemas de desigualdade actual no mundo, moitos movementos sociais propoñen estas iniciativas:

- Establecemento dunha nova orde económica:
 - Un bloque comercial dos países do sur, con transferencia libre de tecnoloxías e coñecementos entre Sur e Norte.
 - Respecto á soberanía dos pobos indíxenas e ás culturas autóctonas.
- Creación de organismos mundiais democráticos de goberno encargados de redistribuír a riqueza. As rexións desenvolvidas axudarían ás menos desenvolvidas. Subvencionaríanse as prestacións sociais nos países máis pobres.
- Moitas decisións corresponderían a:
 - Organismos locais, que coñecen mellor os problemas do seu contorno.
 - Organismos multilaterais, que distribuirían equitativamente a riqueza entre países.
- Condonación da débeda externa.
- Libre circulación de persoas.
- Control das multinacionais polo poder político democrático dos cidadáns.
- Darlle prioridade, na realidade social e nos estudos e clasificacións internacionais, ao *índice de desenvolvemento humano* e darlle menos importancia ao *PIB*.


Desenvolvemento sustentable

O desenvolvemento sustentable é unha xestión responsable dos recursos naturais do planeta, de xeito que se aseguren as necesidades da poboación actual e as das xeracións futuras. Defende a economía ecolóxica introducindo aspectos ambientais nas actuacións económicas; en definitiva, consumo responsable e aforro enerxético:

- Uso dos recursos renovables a un ritmo que non exceda a súa taxa de renovación.
- Utilización dos recursos non renovables nunha proporción inferior á da súa substitución por recursos renovables.
- Prohibición de verter ao medio residuos que excedan a capacidade de absorción dos ecosistemas.
- Mantemento da biodiversidade do patrimonio xenético dos ecosistemas.

As solucións aos problemas mundiais son posibles, pero precisan a actuación rápida da comunidade internacional.

- **Protocolo de Kioto.** En 1997 comezaron as negociacións para chegar a un Acordo mundial, no marco do *Cumio da Terra de Río de Xaneiro*, para intentar reducir, de 2008 a 2012, un 5 % a emisión á atmosfera de seis gases moi contaminantes: dióxido de carbono, gas metano, óxido nítrico, hidrofluorocarbonos, perfluorocarbonos e hexafluoruro de xofre. En 2009 os países asinantes dese acordo reuníronse en Copenhague para tratar de avanzar en acordos que freen os efectos do cambio climático.



A ONU advertiu en varias ocasións que o cambio climático é imparabile, debido ao aumento rapidísimo das emisións de gases, principalmente de CO₂. Debemos ser conscientes das graves consecuencias que traerá para o planeta, de non frear esas emisións.

- **Os micréditos.** Plan orixinal do economista indio Huhamad Yunus, posto en marcha pola ONU e as ONG ante a negativa dos bancos a conceder préstamos a persoas necesitadas. Son pequenos préstamos, con xuros baixos, para financiar proxectos laborais dos máis pobres, especialmente das mulleres, que cargan coa responsabilidade de sacar adiante as familias.

- **Comercio xusto.** Algunhas organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento (ONGD) promoven iniciativas para fomentar o comercio xusto, apoiándose en valores alternativos aos da economía capitalista: transparencia, condicións laborais éticas e eficaces, igualdade de oportunidades no emprego, respecto ás persoas e ao contorno.

En contraposición, hai prestixiosas empresas occidentais que, malia vender os seus produtos moi caros, os elaboran utilizando man de obra barata, incluso infantil.

Estas firmas instalan factorías no Terceiro Mundo e beneficianse dunha lexislación vantaxosa que ignora os dereitos humanos e a protección do medio natural.

Nas relacións comerciais internacionais os países ricos deben promover os dereitos económicos e sociais dos países pobres e solucionar os problemas das poboacións antes que atender as esixencias das grandes empresas.

Intercambios comerciais	
Comercio desigual	Comercio xusto
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Acepta a orde económica mundial baseada no intercambio desigual Norte- Sur. ▪ Fomenta a política financeira do FMI e do Banco Mundial: países do Terceiro Mundo endebedados. ▪ Esixe liberalismo económico no Sur e proteccionista coas economías do Norte. ▪ Apóiase nos grandes monopolios e nas transnacionais, que impoñen política comercial agresiva e inxusta. ▪ Merca o máis barato posible e especula cos prezos. ▪ Reduce gastos por man de obra; instálase en países pobres. ▪ Fundaméntase na empresa xerárquica e non participativa. ▪ Ten pouco respecto polo medio natural no proceso de produción. ▪ Utiliza un modelo destrutor do medio, que esixe moita enerxía non renovable. ▪ Establece relacións anónimas e frías entre produtor-vendedor e produto- consumidor. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Rexeita o intercambio desigual. Quere impoñer intercambios xustos Norte- Sur. ▪ Busca a independencia financeira dos produtores do Sur para superar a débeda externa. ▪ Pide a desaparición das barreiras arancelarias e do proteccionismo para o Sur nos mercados do Norte. ▪ Fomenta no Sur as pequenas explotacións familiares e as cooperativas. ▪ Tenta establecer relacións éticas entre produtores do Sur e consumidores do Norte. ▪ Quere mellorar as relacións laborais e dignificar as condicións de traballo. ▪ Estimula a creación de empresas participativas. ▪ Foméntase un proceso de produción respectuoso co medio natural. ▪ Valora os materiais tradicionais e a produción cos mínimos gastos enerxéticos. ▪ Crea relacións de implicación persoal e informativa ente produtor, intermediario, vendedor e produto- consumidor.

Actividades propostas

S15. Antiglobalización:

- Algunha diferenza entre o *Foro Económico Mundial* e o *Foro Social Mundial*.
- Que feitos critican os altermundistas?

S16. Posibles solucións:

- Que medidas poderían solucionar algúns problemas derivados do desenvolvemento global?
- Que actuacións están na liña do desenvolvemento sustentable?
- Que correntes de movementos antiglobalización coñece?

S17. Sensibilización:

- Que se pedía no Protocolo de Kioto en 1997?
- Para que serven os minicréditos?
- Como se pode frear a carreira abocada ao cambio climático?

S18. Comercio xusto:

- Por que tipo de comercio se inclina máis vostede?
- Por que se compra moito máis no comercio desigual ca no comercio xusto?

1.4 Os medios de comunicación: o cuarto poder

Os medios de comunicación contribúen permanentemente a crear un espazo xeográfico mundial. A radio, a televisión e internet reducen os espazos físicos e temporais; as noticias chegan no momento en que suceden.

“O home deste tempo vive diante do que acontece no mundo enteiro. E faino a través dos periodistas; eles son as testemuñas; quen nos narran os acontecementos. Por suposto que cada un deles a través da súa cultura, dos medios que ten nas súas mans para analizar”.

Ernesto Sábato

O concepto *cuarto poder* foi coñado pouco antes da Revolución Francesa, para definir a influencia da prensa nos grandes cambios producidos na Francia de finais do século XVIII. Actualmente esta expresión fai referencia aos medios de comunicación en xeral.

O proceso de homoxeneización do pensamento

As novas tecnolóxicas permiten coñecer noticias de todos os lugares do planeta en directo, no mesmo momento en que se producen. A televisión converteuse no principal medio de información e entretemento, destacando moitas veces o extravagante e o absurdo.

O poder dos medios de comunicación é real, polo impacto que teñen sobre a sociedade e a facilidade coa que manipulan o consciente e o subconsciente colectivos; un poder que vai medrando día a día.

O proceso de globalización tende a implantar o pensamento único, é dicir, que todos teñamos ideas e opinións semellantes sobre os problemas que nos afectan. Canto menor sexa o número de fontes de información, máis doada será esa homoxeneización do pensamento.

Os multimedia

Chamamos multimedia a calquera sistema que utiliza o texto, o son, as imaxes, a animación e o vídeo para informar ou entreter ao usuario.

Os poderosos grupos empresariais tentan dominar os medios de comunicación para conseguir intereses económicos, políticos e sociais.

En resposta a estes grandes grupos da comunicación xorden as redes de información autodenominadas independentes, normalmente grupos de voluntarios sen fins lucrativos.

A linguaxe da publicidade

A publicidade é a arte de convencer. Con ela téntase conseguir que o consumidor merque un obxecto e teña del unha idea favorable. Os anuncios publicitarios fan crer que a vida, os costumes e ata o país son como eles os presentan.

A publicidade chega a cambiar as modas, os valores sociais e o comportamento das persoas. Crea prexuízos e necesidades que non había. Coa publicidade véndense, xunto cos obxectos, ideoloxías, imaxe persoal e modelos de roles sociais.

A publicidade actual desenvólvese nos máis variados medios e soportes: radio, televisión, Internet, cartas persoais, prensa, revistas, autobuses, anuncios luminosos, roupa, marquesiñas, campos de deportes...

Os anuncios adoitan combinar a imaxe e o texto. O slogan é xeralmente breve e directo. Preténdese captar a atención do receptor, conmoover ou emocionar, e convencer.

Xuízo á publicidade	
Defensores da publicidade	Detractores da publicidade
<ul style="list-style-type: none"> ▪ É un servizo público. ▪ Informa e orienta o consumidor. ▪ Democratiza o consumo, xa que todos poden utilizar todos os produtos. ▪ Abarata os prezos, porque o aumento de vendas permite producir en serie e abaratar os custos. ▪ É soporte económico de moitos medios de comunicación, que sen publicidade desaparecerían. ▪ Sen medios de comunicación non se popularizaría a cultura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ É negativa para o individuo e para a sociedade. ▪ Non vende obxectos, senón símbolos, polos que o consumidor forma unha imaxe de si mesmo. ▪ Perpetúa a insatisfacción e a desigualdade social, porque crea necesidades psicolóxicas e sociais que non sempre se poden satisfacer. ▪ Encarece os prezos, pois os custos da publicidade pasan a engrosar o custo global. ▪ Condiciona e quita liberdade a moitos medios de comunicación que son custeados pola publicidade. ▪ Integra o individuo nun determinado tipo de sociedade e encadéao a obxectos que, posuídos, lle dan a súa autoestima e valoración social, pois a xente recoñécese a si mesma nas comodidades.
VEREDICTO: culpable ou inocente?	

A través da televisión axúdase a crear hábitos nutricionais perniciosos: o consumo abusivo de determinados produtos alimenticios xeran sobrepeso e, nalgúns casos, obesidade.

Realidade e ofertas da publicidade	
Quere vender	Ofrece
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Deterxente. ▪ Limpafogares. ▪ Electrodomésticos. ▪ Dentífrico. ▪ Desodorizante. ▪ Suavizantes. ▪ Alimentos dietéticos. ▪ Auga mineral. ▪ Medias. ▪ Roupa interior. ▪ Alimentos básicos. ▪ Colonias. Masaxes. Perfumes. ▪ Viaxes. ▪ Xoguetes. ▪ Bebidas alcohólicas. ▪ Roupa vaqueira. ▪ Lambetadas. Locións. ▪ Coche. ▪ Turrón. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Superbrancura. Muller, escrava da casa. ▪ Liberación da muller. Tempo de lecer. ▪ Femosura. Seguridade persoal. ▪ Bicos. ▪ Intimidade. ▪ Agarimo. Amor materno. ▪ Seguridade. Liberación da obesidade. ▪ Liña lanzal. Seguridade. ▪ Pernas elegantes. ▪ Sensacións íntimas. ▪ Sabores distintos aos da competencia. ▪ Erotismo. Atracción sexual. ▪ Aventuras nunca vividas. ▪ Mundo idealizado. ▪ Aventura amorosa. Independencia. ▪ Compañeirismo. ▪ Sensacións pracenteiras. ▪ Liberdade. Independencia. Status social. ▪ Cariño. Prestixio. Riqueza.

Cartel publicitario dunha cámara estereoscópica a principios do século XX.
A publicidade utilizou sempre a muller como consumidora ou como símbolo erótico para todo tipo de anuncios.



Arte e publicidade



Toulouse-Lautrec



Pablo Picasso



Alfonso R. Castelao



Camilo Díaz Baliño

1.4.1 Comunicacóns, información e mobilidade

Os avances nas telecomunicacións e nos sistemas informáticos definen a terceira revolución industrial. Como consecuencia destes avances:

- Reducíronse os custos na produción e distribución de bens e servizos; aumentou a eficacia nos traballos.
- Aparecen as multinacionais, que sitúan as súas filiais en calquera lugar do mundo ao poderen estar comunicadas informaticamente.
- Automatizáronse os procesos de produción.
- Precísase persoal máis cualificado e redúcese o traballo rutineiro.
- Intervense na economía de distintos países ou lugares ao mesmo tempo.

Marshall McLuhan definiu o resultado deste proceso como a consecución da *aldea global*: por mor da velocidade das comunicacións, a sociedade transformouse e reorganízase como as primitivas aldeas, onde todo o mundo coñece a todo o mundo e as noticias comunícanse inmediatamente.

Os sistemas de telecomunicación converten o mundo nunha aldea, onde a radio, a televisión e internet son o tantán da tribo. Nesta aldea os produtos son deseñados para todo o mundo, en fábricas espalladas polo globo, con provedores en todos os países, competindo con empresas de calquera lugar do planeta.

Mediante un módem, aparello que conecta os computadores ao teléfono, podemos entrar no ciberespazo e entrar en contacto con calquera lugar do planeta. Cun portátil podemos: procesar datos, crear bases de datos, acceder a páxinas web, facer compras por Internet, buscar noticias, anuncios, documentos, parolar, mandar correos electrónicos, acceder a blogs e escribir neles, baixar música...

1.5 Investimento I+D+i

Tapani Esko Aho define a investigación como o investimento de diñeiro para obter coñecemento, e a innovación como o investimento de coñecemento para obter diñeiro.

Que é I+D+i

As siglas I+D+i significan *investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica*. Todos os países intentan potenciar a I+D+i mediante subvencións, deducións fiscais, préstamos bonificados ou políticas de apoio para fortalecer as empresas nacionais fronte á posible competencia. Os traballos neste campo melloran:

- A calidade de vida da cidadanía: computadores, electrodomésticos...
- O medio natural: tratamento dos refugallos; aparición de motores menos contaminantes, como os eléctricos; procesos industriais aforradores de enerxía.
- A saúde: novos fármacos, equipamentos máis avanzados para a cirurxía...



O nivel de actividade en investigación adoita referirse á proporción entre o gasto de I+D+i e o PIB do país.

Actividades propostas

- S19. O cuarto poder: non todos os países teñen acceso aos medios de comunicación. Hai, pois, desigualdade. Analice a táboa e responda:

Pais (1998-2007)	Teléfono terrestre (2007)	Teléf. móbiles (2007)	Estacións radio (1998)	Estacións TV (2004)	Usuarios internet (2007)	Poboación (2007)
China	350.433.000	437.480.000	673	3240	123.000.000	1.321.851.888
EE UU	268.000.000	219.400.000	13769	2218	205.327.000	301.139.947
España	18.322.000	41.328.000	924	224	19.205.000	40.448.191
Serra Leoa	24.000	113.200	11	2	10.000	6.144.562
Romanía	4.391.000	13.354.000	698	623	4.940.000	22.276.056

- Cal é o medio de comunicación máis desenvolvido nos países da táboa?
- Que vantaxes ten cada un dos medios de comunicación e que inconvenientes?
- Que media de móbiles lle corresponde a cada cidadán dos países citados?

S20. Liberdade e internet: a liberdade de prensa está recollida nos dereitos básicos das persoas, pero non sempre se respectan. Fálase moito das limitacións do uso de internet en países asiáticos. Lea este texto.

"Hai un tema dando voltas nos últimos meses ao que non se ve moi presente nalgúns medios, as novas medidas de China para controlar todo o que se escribe en internet. E é interesante, porque é a liberdade de expresión e de acceso á información o que está en xogo, e non parece molestar ás grandes empresas de internet, que están a investir miles de millóns nese mercado.

Entanto que Yahoo!, Google e MSN só parecen alleas ao tema, son estas as empresas que poñen ao dispor do goberno chinés os filtros que se necesitan para controlar o tránsito de información. Por exemplo, sacar da vista dos usuarios algunhas palabras ou frases prohibidas como "independencia", "Taiwan", "praza de Tiananmen" e "Dalai Lama".

"Necesitamos regular mellor os servizos de noticias en internet, pola aparición de tantas noticias pouco saudables que confunden o público", declarou un portavoz da Oficina de Información."

2005

- Cal é a idea principal do texto?
- Segundo o autor, Yahoo, Google e MSN carecen de ética. Por que? Poden facer outra cousa? Que pasaría se se enfrontasen ao goberno?
- Que tipo de palabras están prohibidas en China?
- Que motivos alega o goberno chinés para as prohibir?

S21. Aldea global:

- Que entende vostede por aldea global?
- A tribo primitiva usaba o tantán para emitir mensaxes. Que substitúe o tantán na sociedade actual desenvolvida?
- Consecuencias dos avances nas telecomunicacións.

S22. I+D+i:

- Cal é a diferenza, para Tapani Esko, entre investigación e innovación?
- O sistema galego de I+D+i está integrado polas empresas, o sistema público (universidades, centros de investigación e sanidade), organismos de soporte á investigación e ás Administracións. Investigue a que institucións corresponden os acrónimos e relacione os recadros:

1	■ USC	Centro de Supercomputación de Galicia
2	■ CESGA	Centro de Investigacións Mariñas.
3	■ LOMG	Universidade de Santiago Compostela
4	■ CIMA	Asociación de investigación Metalúrxica do Noroeste
5	■ AIMEN	Instituto Español de Oceanografía
6	■ IEO	Laboratorio oficial de metroloxía de Galicia

S23. Mobilidade. Moitos avances na comunicación permiten maior mobilidade. Lea o documento e conteste:

Novidade para mellorar a mobilidade, localización e comunicación dos profesionais do transporte por estrada

Nun mercado globalizado e moi competitivo como o actual, dispor de información e documentación en tempo real pódese converter nun factor clave do éxito empresarial. RESSA Comunicacións acaba de pór ao dispor do mercado o novo Fax móbil para camión que permite viaxar por calquera parte de Europa, coa posibilidade de enviar e recibir Fax. Tamén se poderá, por suposto, realizar ou recibir chamadas telefónicas, así como imprimir en papel os mensaxes SMS, inserindo unha tarxeta SIM de Movistar. Pero a súa grande vantaxe e novidade é que se ten a posibilidade de localizar a súa posición dentro do territorio nacional vía situación GSM-CELA na web de RESSA (www.ressa.com).

O Fax móbil para camión convértese así nun elemento imprescindible para todas aquelas empresas ou particulares que traballan na estrada e teñen a necesidade dun Fax móbil que lles permita manexar información impresa en papel. Entre as súas funcións destacan, por exemplo, o envío e recepción de ordes de carga, mapas, CMR, albarás, facturas e contratos. Leva así mesmo implícitas as funcións típicas dun telefono, ata con mans libres, ademais da recepción e impresión de mensaxes SMS e serve igualmente para realizar copias de documentos. As vantaxes desta Fax móbil para camión son innumerables xa que pode ter voz e datos nunha mesma unidade, GSM de acceso ás redes celulares de toda Europa, acceso á rede de telefonía fixa, reducido tamaño e peso, localización vía GSM-CELA, facilita o traballo e reduce os custos. É extremadamente fácil de instalar e de operar, constitúe a solución ideal de baixo custo para os vehículos de longo percorrido, permite ao xestor localizar a súa situación en territorio nacional a través de internet.


Transporte e loxística. 2007

- Cales son as vantaxes de introducirse no mundo da información e documentación en tempo real?
- Enumere as melloras nas comunicacións citadas no texto publicitario e cite os seus beneficios para os profesionais do transporte.

S24. Localice os 18 principais motivos do desigual acceso ao estado de benestar.

A	N	A	L	F	A	B	E	T	O	S	C	S	V
S	A	E	X	C	L	U	S	I	O	N	R	F	E
F	S	J	U	A	S	D	X	V	O	Z	A	K	R
F	A	M	E	F	C	G	D	D	D	D	C	F	D
L	R	Ñ	O	P	E	R	I	F	E	R	I	A	E
A	R	Z	E	R	N	R	U	I	T	Y	S	U	S
B	E	N	E	S	T	A	R	V	B	G	M	H	T
S	U	D	B	U	R	A	C	O	O	Z	O	N	O
H	G	J	N	K	O	L	Ñ	A	P	O	O	O	T
A	S	L	D	F	H	Y	I	T	R	A	S	D	D
F	A	F	E	S	C	R	A	V	I	T	U	D	E
M	Q	U	E	E	E	D	F	S	A	S	D	F	B
X	E	N	O	F	O	B	I	A	C	I	Y	C	E
S	D	Y	I	E	E	D	H	U	V	O	U	V	D
Z	A	R	L	T	R	E	G	G	N	P	I	U	A
S	E	V	E	M	I	G	R	A	C	I	O	N	H
P	B	V	B	R	E	N	O	V	A	B	L	E	S

S25. O Protocolo de Kioto é o acordo marco para reducir as emisións de gases á atmosfera. Analice o mapa coa axuda dun atlas ou dun planisferio político.



- Que país asinou o Protocolo de Kioto pero non o ratificou?
- Que país está pendente de ratificalo?
- Cite cinco países sen unha posición definida ante Kioto.

2. Resumo de contidos

Un mundo global

O mundo actual está integrado por diferentes países, relixións, culturas, organizacións políticas e empresas que interactúan nunha rede de relacións económicas, políticas, tecnolóxicas e culturais.

Globalización das actividades humanas

- Económica: interdependencia comercial. Características:
 - Comercio internacional.
 - Mundialización da produción.
 - Internacionalización dos fluxos financeiros e movementos especulativos.
 - Transportes e comunicacións avanzadas.
- Tecnolóxica: das TIC.
- Sociocultural: das ideas e dos costumes.
- Política: organizada por rexións de influencia económica.

Funcionamento do mercado

- Rexido pola lei da oferta e da demanda.
- Economía de mercado ou capitalismo:
 - Propiedade privada dos medios de produción.
 - Beneficio máximo.
 - Mercado libre: oferta e demanda.
 - Monopolios e oligopolios: impiden a liberdade comercial.
- A produción masiva de manufacturas desde hai 70 anos:
 - Mellorou as condicións de vida das persoas.
 - Potenciou as técnicas de comercialización.
 - Asociou consumo e felicidade.
 - Dilapida enerxía e recursos naturais.

Intercambios comerciais

- Intercambios necesarios para o mercado:
 - De materias primas.
 - De bens de consumo.
 - De servizos.
 - De capitais.
 - De información.
- Os países desenvolvidos elaboran o 80 % dos produtos.
- Os países subdesenvolvidos achegan o 80 % das materias primas.

Multinacionais

- Empresas multinacionais ou transnacionais:
 - Grupos industriais, comerciais ou financeiros.
 - Desenvolven actividades diversificadas.
 - Operan en todo o mundo mediante filiais.
- Vantaxes:
 - Aforran salarios.
 - Abastécense de materias primas.
 - Reducen custos.
 - Melloran o produto.
 - Teñen competitividade.
 - Conseguen mercados afastados.
- Inconvenientes:
 - Paro creado pola automatización.
 - Reconversión industrial.
 - Aumento da economía somerxida.
 - Dominio dos mercados.

Estratexias e fins das multinacionais

- Despregarse no estranxeiro e acceder aos grandes mercados.
- Facilitar a proximidade aos clientes.
- Reducir os custos de produción.
- Subcontratar empresas doutros países.
- Concentrar empresas a escala mundial.
- Deslocalizar unidades de produción.
- Descentralizar tarefas.
- Realizar intercambios internacionais entre empresas.
- Fixar tarifas con independencia do mercado.

Clasificación das multinacionais

- Integradas horizontalmente: mesmo produto en países diferentes.
- Integradas verticalmente: bens intermedios nuns países, produción final noutros.
- Corporacións diversificadas: diferentes bens en distintos países.
- *Cartel*: acordo entre empresas do mesmo sector para eliminar a competencia.
- *Trust*: conxunto de empresas baixo a mesma dirección para controlar as vendas e a comercialización.
- *Holding*: compañía ou sociedade que controla varias empresas, participando no seu capital e controlando as accións.

División da Terra segundo criterios económicos

- Primeiro Mundo ou Norte: 20 % da poboación e 80 % da riqueza.
- Terceiro Mundo ou Sur: 80 % da poboación e 20 % da riqueza.

Repartición inxusta: o benestar do Norte crea miseria no Sur.

Causas do desigual acceso ao desenvolvemento

- Desigual crecemento da poboación:
 - Alta natalidade nos países pobres.
 - Desequilibrios mundo urbano /mundo rural.
 - Desigualdade home / muller.
 - Escravitude e emigración.
- Desequilibrio económico:
 - Inxusta distribución da riqueza.
 - Malnutrición.
 - Recursos enerxéticos e mineiros: países desenvolvidos.
 - Débeda externa.
 - Desiguais intercambios comerciais.
- Conflitos xeopolíticos: nos países pobres.
- Dependencia tecnolóxica: dos países pobres.
- Problemas ambientais:
 - Acceso á auga potable: difícil nos países pobres.
 - Cambio climático: desertización, perda de biodiversidade.
- Difícil acceso á sanidade: doenzas e fames deciman os países pobres.
- Difícil acceso á educación: o 98 % do analfabetismo concéntrase nos países subdesenvolvidos.

Mundialización e desenvolvemento

- Mundialización = desequilibrio entre:
 - Países desenvolvidos: centro.
 - Países subdesenvolvidos: periferia.
- Países subdesenvolvidos: atraso económico e baixo nivel de vida:
 - Economías precarias, baseadas sobre todo no sector primario: subsectores agrícolas, explotación forestal, extracción mineira.
 - Posúen as materias primas, que se transforman no estranxeiro.
 - Necesitan importar.
 - Dependencia industrial, tecnolóxica e financeira dos países subdesenvolvidos respecto dos países ricos.
 - Endebemento progresivo.
 - Son países dominados.

- Países desenvolvidos:
 - Explotan os recursos dos países pobres.
 - Aproveitan e transforman as riquezas dos países pobres.
 - Fixan os prezos das materias primas dos países subdesenvolvidos.
 - Conceden préstamos aos países pobres.
 - Incrementan os negocios tolerando e negociando con réximes ditatoriais de moitos países subdesenvolvidos.
 - Actúan como países dominantes.

Indicadores de desenvolvemento

- Produto interior bruto (PIB) = Consumo + investimentos + gasto público + exportacións + importacións
- Renda *per cápita*: PIB dividido entre o número de habitantes dun país. Hai países:
 - Desenvolvidos economicamente.
 - En vías de desenvolvemento.
 - Subdesenvolvidos.
- Índice de desenvolvemento humano (IDH). Factores considerados:
 - Vida longa e saudable.
 - Educación.
 - Nivel de vida digno. Hai países con: IDH alto, medio e baixo.

A pegada ecolóxica

- Indicador que determina a área bioloxicamente produtiva necesaria para:
 - Xerar os recursos que consome unha persoa.
 - Absorber os refugallos que xera.
- En reparto equitativo, a cada persoa corresponderían 1,8 hectáreas.
- Media mundial: 2,23 hectáreas.

Estratexia dos tres erres

Ante a cantidade de residuos sólidos urbanos (RSU): 1 kg por persoa e día, convén readaptar, reutilizar e reciclar para reducir refugallos.

Organismos internacionais

A globalización económica creou institucións supranacionais para adoptar medidas: *Banco Mundial* (BM), *Fondo Monetario Internacional* (FMI), *G7*, *G8*, *Organización Mundial do Comercio* (OMC), *Organización de Cooperación e Desenvolvemento do Comercio* (OCDE).

Movements antiglobalización

Son movementos internacionais nados a finais do século XX. Critican a globalización e o pensamento único.

- *Foro Económico Mundial*. Para contribuír a resolver os problemas do noso tempo.
- *Foro Social Mundial*. Altermundismo ou alterglobalización.

Os movementos antiglobalización critican:

- O libre comercio.
- A mercantilización da sociedade.
- As grandes institucións financeiras.
- As multinacionais.
- A banca.

Posibles solucións

- Desenvolvemento global:
 - Nova orde económica.
 - Creación de organismos globais democráticos para redistribuír a riqueza.
 - Cesión de competencias, por parte dos organismos estatais, rexionais e supranacionais, a organismos mundiais e locais.
 - Condonación da débeda externa.
 - Libre circulación de persoas.
 - Control das multinacionais.
 - Máis importancia ao IDH.
- Desenvolvemento sustentable: é a xestión responsable dos recursos do planeta que salvaguarde as necesidades da poboación actual e da poboación futura. O camiño para o desenvolvemento sustentable:
 - Consumir os recursos renovables a ritmo máis lento cá súa taxa de renovación.
 - Consumir recursos non renovables en proporción que non exceda o da súa substitución por recursos renovables.
 - Verter ao medio natural só os residuos absorbibles polos ecosistemas.
 - Manter a biodiversidade do patrimonio xenético dos ecosistemas.
- *Protocolo de Kioto*: acordo mundial para tentar reducir un 5% a emisión á atmosfera de gases contaminantes. Segundo a ONU, é imparabile o cambio climático se non se reducen as emisións de gases como o CO₂.
- Microcréditos: pequenos préstamos, con xuros baixos, para financiar proxectos laborais dos máis pobres.
- Comercio xusto. Promóveno algunhas ONG, con valores alternativos ao capitalismo:
 - Transparencia.
 - Condicións laborais éticas e eficaces.
 - Igualdade de oportunidades no emprego.
 - Respecto á persoa e ao seu contorno.

Medios de comunicación: cuarto poder

- Os medios de comunicación crearon un espazo xeográfico mundial. Reduciron os espazos físicos e temporais.
- Chámanse cuarto poder pola influencia que poden exercer sobre a sociedade.
- Os medios de comunicación tenden á globalización e esta ao pensamento único.
- *Multimedia*: utilizan texto, son, imaxe, animación e vídeo.
- Os grupos empresariais poderosos tentan dominar os medios de comunicación. As redes de información autodenominadas independentes critican a monopolización dos medios.

Linguaxe da publicidade

- Chega a cambiar as modas, os valores sociais, e o comportamento das persoas.
- Desenvólvese nos máis variados medios e soportes.
- Os anuncios combinan texto e imaxe, para:
 - Captar a atención.
 - Conmover ou emocionar.
 - Convencer.

Comunicacións, información e mobilidade

As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) definen a terceira revolución industrial, que propicia cambios importantísimos:

- Redución dos custos de produción e distribución.
- Aparición das multinacionais.
- Automatización industrial.
- Persoal cualificado.
- Intervención na economía de distintos países simultaneamente.
- Resultado desta revolución: aldea global.

Investimento I + D + i

Para Tapani Esko:

- Investigación: investir diñeiro para obter coñecemento.
- Innovación: investir coñecemento para obter diñeiro.
- I+D+i: investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.
- Os países tentan potenciar o I + D + i, porque mellora a calidade de vida dos cidadáns e das cidadás, o medio natural e a saúde.

3. Test de autoavaliación

1. A globalización económica está baseada...

- Na internacionalización do capital.
- Na mundialización da produción.
- No desenvolvemento.
- No comercio internacional, na mundialización da produción, nos avances en transporte e comercio e na internacionalización dos fluxos financeiros.

2. Atendendo a criterios económicos, o mundo pódese dividir en...

- Primeiro Mundo e Segundo Mundo.
- Terceiro Mundo e Primeiro Mundo.
- Cuarto Mundo e Segundo Mundo.
- Primeiro, Segundo e Terceiro Mundo.

3. Que significan as siglas I+D+i?

- Investimento, desenvolvemento e investigación.
- Investigación, diñeiro e innovación.
- Ideas, diñeiro e investimento.
- Investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

4. A OPEP é un...

- Cartel.
- Holding*.
- Trust*.
- Cartel e *trust*.

5. Os grupos altermundistas reuníronse no 2001 en Porto Alegre. Como se chamou o encontro?

- Foro Económico Mundial.
- Foro Contra os Opresores.
- Foro Antiglobalización Mundial.
- Foro Social Mundial.

6. Os grupos antiglobalización consideran xusto que os países ricos colaboren no desenvolvemento dos países pobres co:

- 0'15 % do PIB.
- 0'5 % do PIB.
- 0'7 % do PIB.
- 0'25 % do PIB.

7. Entre os principais problemas do Terceiro Mundo destacan:

- Débeda externa, explosión demográfica, fame, doenzas, analfabetismo e paro.
- A débeda externa, o consumismo, o aumento da inmigración, o estrés.
- A débeda externa, a violencia urbana, a fame e o avellentamento da poboación.
- Débeda externa, violencia doméstica, fame, consumismo e baixa natalidade.

8. Os problemas ambientais están provocados:

- Non hai problemas ambientais na Terra.
- Polos países subdesenvolvidos por mor da excesiva explotación dos recursos.
- Polos países desenvolvidos, que son os principais consumidores de recursos e xeradores da contaminación.
- Só afectan a zonas deshabitadas da Terra.

9. Vostede, malgasta ou aforra?

- Readapto e reciclo.
- Non me interesa o tema.
- Non, porque é cousa dos ecoloxistas.
- Readapto, reutilizo, reciclo e reduzo refugallos.

10. Cando recibe mensaxes publicitaria:

- Déixase levar polo consumismo.
- Lamenta non poder mercar case todo.
- Mantén actitude crítica e intelixente, e merca só o necesario.
- Envexa a quen compra case todo.

4. Solucionarios

4.1 Solucións ás actividades propostas

S1.

- Globalización. O proceso de achegamento e relación das rexións da Terra, das actividades económicas, dos recursos, da poboación e das culturas.
- Desde as perspectivas económica, tecnolóxica, sociocultural e política.

S2.

<ul style="list-style-type: none">▪ <i>American-way-of-life</i>	<i>Modo de vida americano</i> , é dicir, estilo de vida dos habitantes dos Estados Unidos de América.
<ul style="list-style-type: none">▪ Que é a americanización?	Proceso de asimilación cultural da cultura dos EE UU, é dicir, a influencia que esta exerce noutras culturas do mundo e que dá lugar a un proceso de substitución da cultura propia por aquela.
<ul style="list-style-type: none">▪ Que é o patrimonio?	Segundo a Unesco <i>o patrimonio cultural dun pobo comprende as obras dos seus artistas, arquitectos, músicos, escritores e sabios, así como as creacións anónimas, xurdidas da alma popular, e o conxunto de valores que dan sentido á vida, é dicir, as obras materiais e non materiais que expresan a creatividade dese pobo; a lingua, os ritos, as crenzas, os lugares e monumentos históricos, a literatura, as obras de arte e os arquivos e bibliotecas.</i>
<ul style="list-style-type: none">▪ Elementos identificados do noso patrimonio material/inmaterial.	<i>Material:</i> arquitectura, patrimonio arqueolóxico (petróglicos, mámoas, castros, antas ...); etnográfico (cruceiros, petos de ánimas, muíños, batáns...) <i>Inmaterial:</i> lendas, tradicións (auga de san Xoán, Entroido...), receitas tradicionais, cantigas, instrumentacións, xogos...

S3.

- Características da globalización económica:
 - Comercio internacional.
 - Mundialización da produción.
 - Internacionalización dos fluxos financeiros e de movementos especulativos.
 - Rapidez nos transportes.
- A lei da oferta e da demanda produce a subida ou a baixada dos prezos.

S4.

- Capitalismo: sistema de produción caracterizado pola propiedade privada dos medios de produción, a procura do beneficio máximo e o mercado libre.
- Propiedade privada. Beneficio máximo. Mercado libre.
- Limitan a liberdade comercial os monopolios e os oligopolios.

S5.

- A situación actual, consecuencia da espectacular produción industrial, permitiu mellorar as condicións de vida da humanidade.

- Á produción de bens efémeros seguen estas consecuencias:
 - Dilapidación de enerxía.
 - Consumo excesivo de recursos naturais.
 - Xeración de refugallos prexudiciais para o ambiente.

S6.

- Para que o comercio funcione son necesarios intercambios de materias primas, bens de consumo e servizos.
- Os fluxos ou intercambios prodúcense entre os fabricantes e ofertantes e os demandantes.
- Os fluxos de capitais prodúcense maioritariamente entre os países desenvolvidos.

S7.

- As multinacionais son grupos industriais, comerciais e financeiros.
- Teñen actividades diversificadas.
- Operan en distintos países mediante filiais.

S8.

- Corporacións integradas horizontalmente.
- Corporacións integradas verticalmente.
- Corporacións diversificadas.
- Cartel.
- *Trust*.
- *Holding*.

S9.

- Máis de 3,3 millóns de vítimas.
- 600 millóns.
- O tántalo.
- Coltán é a abreviatura de dous minerais (columbita e tantalitas). Do coltán extráese o metal tantalio.
- En 11 meses.
- Entre o Congo e Ruanda.
- Os líderes rebeldes.
- Manter as guerras.

S10.

Primeiro Mundo	Norte	20% da poboación 80% da riqueza
Terceiro Mundo	Sur	20% da riqueza 80% da poboación

- Desigual crecemento da poboación:
 - Alta natalidade nos países pobres.
 - Desequilibrios mundo urbano / mundo rural.
 - Desigualdade home / muller.
 - Escravitude e emigración.
- Desequilibrio económico:
 - Inxusta distribución da riqueza.
 - Malnutrición.
 - Recursos enerxéticos e mineiros: nos países desenvolvidos.
 - Débeda externa e axuda ao desenvolvemento.
 - Desiguais intercambios comerciais.
- Conflitos xeopolíticos: nos países pobres.
- Dependencia tecnolóxica: dos países pobres.
- Problemas ambientais:
 - Acceso á auga potable.
 - Cambio climático.
- Dificil acceso á educación: 98% de analfabetismo nos países subdesenvolvidos.
- Dificil acceso á sanidade: doenzas e fames deciman os países subdesenvolvidos.

S11.

- Da mundialización da economía derivan estes feitos:
 - Máis desequilibrio entre países desenvolvidos (centro) e subdesenvolvidos (periferia).
 - Atraso económico e baixo nivel de vida dos países subdesenvolvidos.
 - Os países subdesenvolvidos non transforman as materias primas que producen.
 - Dependencia industrial, tecnolóxica e financeira dos países subdesenvolvidos respecto dos desenvolvidos.
 - Endebemento progresivo dos país pobres.
- A economía dos países subdesenvolvidos é precaria.
- Os países subdesenvolvidos sofren tamén dependencia industrial e tecnolóxica.

- O endebedamento progresivo consiste no círculo vicioso que se crea: os países pobres non dan pagado as débedas e necesitan solicitar máis crédito.
- Norte: países dominantes. Sur: países dominados.

S12.

- Resposta libre.
- O PIB obtense destes sumandos:
Consumo + investimentos + gasto público + exportacións + importacións.
- Pola renda, os países pódense clasificar en:
 - Países desenvolvidos economicamente.
 - Países en vías de desenvolvemento.
 - Países subdesenvolvidos.
- O IDH atende a:
 - Esperanza de vida.
 - Educación e taxa de alfabetización.
 - Renda nacional *per cápita* segundo o poder adquisitivo.

S13.

- Pegada ecolóxica: indicador que determina a área bioloxicamente produtiva necesaria para:
 - Producir os recursos que consome unha persoa.
 - Absorber os refugallos que xera.
- Corresponderían a cada persoa 1,8 hectáreas.
- A estratexia dos tres erres consiste en readaptar, reutilizar e reciclar.
- Reducir refugallos.

S14. Organización da economía mundial:

- Toman acordos sobre economía mundial: Banco Mundial, Fondo Monetario internacional, G7, G8, Organización Mundial do Comercio, e Organización de Cooperación e Desenvolvemento Económico.
- Obxectivos do BM e do FMI:
 - Reducir a pobreza.
 - Fomentar políticas económicas sustentables.
 - Facilitar o comercio internacional.
- Non conseguen os obxectivos. Cada ano aumentan as diferenzas entre os países ricos e os países pobres.

S15.

- A diferenza radica nos medios empregados para lograr os obxectivos.
O Foro Económico Mundial achégase máis a temas sociais.
O Foro Social Mundial discute a necesidade de xerar riqueza, dun xeito sustentable, para lograr maior benestar social.
As diferenzas ideolóxicas son tamén claras:
 - No Foro Económico participan líderes de negocios, políticos, activistas sociais, ministros de comercio...
 - O Foro Social é unha iniciativa da sociedade civil, concibido como un espazo de debate democrático de ideas e formulación de propostas de movementos sociais, redes, ONG, que se opoñen ao neoliberalismo.Coinciden no obxectivo de erradicar a pobreza no mundo.
- Os altermundistas critican o libre comercio, a mercantilización da sociedade, as grandes institucións financeiras, as multinacionais e a banca.

S16.

- Desenvolvemento global:
 - Creación de organismos globais democráticos para redistribuír a riqueza.
 - Cesión, por parte dos organismos estatais, rexionais e supranacionais, a organismos mundiais e locais.
 - Órganos locais, coñecedores dos problemas, deberían tomar máis decisións.
 - Nova orde económica.
 - Condonación da débeda externa.
 - Libre circulación de persoas.
 - Control das multinacionais.
 - Máis importancia ao IDH.
- Desenvolvemento sustentable: é a xestión responsable dos recursos do planeta que salvagarde as necesidades da poboación actual e da poboación futura.
Camiño ao desenvolvemento sustentable:
 - Consumir os recursos renovables a ritmo máis lento cá súa taxa de renovación.
 - Consumir recursos non renovables en proporción que non exceda o da súa substitución por recursos renovables.
 - Verter ao medio natural só os residuos absorbibles polos ecosistemas.
 - Manter a biodiversidade do patrimonio xenético dos ecosistemas.
- Están na liña do desenvolvemento sustentable:
 - A utilización dos recursos renovables a ritmo inferior á taxa de renovación.
 - A utilización dos recursos non renovables en proporción inferior á da substitución por recursos renovables.

- Prohibición de verter ao medio natural unha cantidade de residuos que exceda a capacidade de absorción dos ecosistemas.
- Mantemento da biodiversidade do patrimonio xenético dos ecosistemas.
- Resposta persoal.

S17.

- O Protocolo de Kioto pedía reducir un 5 % a emisión á atmosfera de gases contaminantes.
- Os microcréditos serven para financiar proxectos laborais dos máis pobres.
- Pódese frear o cambio climático reducindo a emisión á atmosfera de gases contaminantes.

S18.

- Resposta persoal.
- Porque o comercio xusto está moi pouco desenvolvido e quizais non esteamos concienciados do verdadeiro problema.

S19.

■ Cal é o medio..?	<i>Teléfonos móbiles.</i>
■ Que vantaxes ...?	<i>Permiten que as noticias cheguen de forma inmediata, que todo o mundo teña acceso á información, mais o perigo é a manipulación da información.</i>
■ Media de móbiles	<i>China: 0'33. EE UU: 0'73. España: 1,02. Serra Leoa: 0'01. Romanía: 0'60</i>

S20.

■ Idea principal	<i>A falta de liberdade de prensa na China.</i>
■ Por que...?	<i>Fáltalles ética por antepor os beneficios ás liberdades (expresión e prensa). Si que poden facer outra cousa, aínda que iso lle ocasionaría grandes perdas económicas.</i>
■ Que tipo de...?	<i>Independencia, Taiwan, praza de Tiananmen, Dalai Lama.</i>
■ Que motivos ...?	<i>Regular a información ante noticias pouco saudables para a poboación.</i>

S21.

- Resposta persoal.
- O sistema de telecomunicacións substitúe o tantán da tribo, segundo a metáfora de McLuhan.
- Consecuencias dos avances nas telecomunicacións:
 - Redución dos custos de produción e distribución.
 - Aparición das multinacionais.
 - Automatización industrial.

- Persoal cualificado.
- Intervención na economía de distintos países simultaneamente.

S22.

- Diferenza:
 - Investigación: investir diñeiro para obter coñecementos.
 - Innovación: investir coñecementos para obter diñeiro.

■

2
4
1
5
6
3

S23.

<ul style="list-style-type: none"> ■ Vantaxes ... 	<ul style="list-style-type: none"> - Pode ser a clave do éxito empresarial. - Estar permanentemente comunicado, localizar posicións e estar localizado. - Permite aos traballadores levar sempre a oficina ás costas con todos os servizos. - Reduce custos.
<ul style="list-style-type: none"> ■ Melloras ... 	<ul style="list-style-type: none"> - Fax móbil, recibir chamadas, imprimir as mensaxes, localizar a posición por GSM-CELA. - Recepción ou envío de ordes de carga, mapas, documentos en xeral, ... independiza os traballadores dunha oficina fixa, liberándoos de ter que volver ao punto de orixe para unha nova viaxe ou traballo.

S24.

A	N	A	L	F	A	B	E	T	O	S			V
		E	X	C	L	U	S	I	O	N	R		E
	S								O		A		R
F	A	M	E		C			D			C		D
	R			P	E	R	I	F	E	R	I	A	E
	R				N	R					S		S
B	E	N	E	S	T	A	R					M	
	U		B	U	R	A	C	O	O	Z	O	N	O
	G		N		O			A					
		L					I						D
	A		E	S	C	R	A	V	I	T	U	D	E
M					E								B
X	E	N	O	F	O	B	I	A					E
			I					U					D
		R						G					A
	E		E	M	I	G	R	A	C	I	O	N	
P				R	E	N	O	V	A	B	L	E	S

S25.

- EEUU.
- Kazakstán.
- Chad, Sahara occidental, Zimbabwe, Somalia, Turquía, Iraq e Afganistán.

4.2 Solucións ao test de autoavaliación

1. A globalización económica está baseada...

- No comercio internacional, na mundialización da produción, nos avances en transporte e comercio e na internacionalización dos fluxos financeiros..

2. Atendendo a criterios económicos, o mundo pódese dividir en...

- Terceiro Mundo e Primeiro Mundo.

3. Que significan as siglas I+D+i?

- Investimento, desenvolvemento e investigación.

4. A OPEP é un...

- Cartel.

5. Os grupos altermundistas reuníronse no 2001 en Porto Alegre. Como se chama o encontro?

- Foro Social Mundial.

6. Os grupos antiglobalización consideran xusto que os países ricos colaboren no desenvolvemento dos países pobres co:

0'7 % do PIB.

7. Entre os principais problemas do Terceiro Mundo destacan:

Débeda externa, explosión demográfica, fame, doenzas, analfabetismo e paro.

8. Os problemas ambientais están provocados:

Polos países desenvolvidos, que son os principais consumidores de recursos e xeradores da contaminación.

9. Vostede, malgasta ou aforra?

10. Cando recibe mensaxes publicitarias...

5. Bibliografía e outros recursos

Bibliografía

- Consellería de Educación. Libro de texto para a educación secundaria a distancia 2000. ISBN: 84-453-2695-3.
 - Módulo 1. Unidade 4, páxinas 177 a 179, *As cidades nos países desenvolvidos e subdesenvolvidos*.
 - Módulo 3. Unidade 1, páxinas 26 a 34, *A Organización das Nacións Unidas*.
 - Módulo 3. Unidade 3, páxinas 108 a 119, *Os países subdesenvolvidos*.
 - Módulo 3. Unidade 4, páxinas 171 a 177, *Os medios de comunicación. Avances da ciencia e da tecnoloxía*.
 - Módulo 4A. Unidade 1, páxinas 26 a 37, *Os indicadores económicos. A economía e os medios comunicación social*.
- Albet Mas, A.; Benejam Arguimbau, P.; Casas Vilalta, M.; Comas Solé, P.; Ollér Freixa, M.: *Ecúmene. Ciencias Sociais, Xeografía 3*. Ed. Vicens Vives Educación Secundaria. Barcelona, 2002. ISBN: 84-316-6586-6
- Marina, José Antonio: *Educación para la ciudadanía*. SM, Secundaria. Madrid, 2007. ISBN: 978-84-675-1982-2.
- Saramago, José: *A caverna*. Crítica á sociedade consumista, "unha realidade inxusta e vergoñenta", a través dunha familia de artesáns oleiros que se decatan de que o seu traballo xa non é útil na sociedade en que viven, cando montan unha grande superficie comercial no seu contorno.

Ligazóns de Internet

- [<http://www.guiadelmundo.org.uy/cd/>] Guía do Mundo 2007: datos estatísticos, mapas, fichas detalladas dos países, artigos periodísticos, ... (Iepala e Xunta de Extremadura).
- [http://www.socialwatch.org/es/indicadoresDesarrollo/flash_content/index.html?lan=es&ind=A4] Indicadores de desenvolvemento.
- [<http://www.intermonoxfam.org/es/page.asp?id=1>] Intermón Oxfam: recursos educativos, campañas solidarias, tenda virtual con material educativo.
- [<http://www.manosunidas.org/default.htm>] Mans Unidas.
- [http://www.omal.info/www/article.php3?id_article=2002#] Omal. Observatorio de Multinacionais de América Latina.